



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE CARRAL (A CORUÑA) Nº 2022/3, REALIZADA O xoves 26 de maio de 2022 .

ASISTENTES

Presidente:

Sr. Alcalde FRANCISCO JAVIER GESTAL POSE

Concelleiros/as:

PSdeG-PSOE

PABLO COUTO LOPEZ

JESUS JAVIER CETINA MOCHALES

Partido Popular

MARGARITA RAMILO VARELA

JOSE LUIS FERNANDEZ MOURIÑO

CARLOS BARBEITO REY

Alternativa dos Veciños

MARÍA MERCEDES CARIDAD LOPEZ

FRANCISCO BELLO HERMIDA

RUBEN ANTONIO CAAMAÑO RODRIGUEZ

SUSANA GUIMAREY GARCIA

No adscrito/a

FLORINDA DUARTE GERPE

Ausencias:

Partido Popular

DAVID FERNANDEZ BALSEIRO escúsase por motivos laborais.

Secretaria:

EVA JARDÓN LÓPEZ

Técnica xurídica:

SONIA CAMPOS ARES



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

HORA DE INICIO: 20:35

HORA DE REMATE: 21:30

No Salón de Plenos do Concello, sendo as 20:35 do xoves 26 de maio de 2022, tras convocatoria efectuada polo señor Alcalde, mediante decreto 192/2022 e segundo acordo plenario do 24 de xullo de 2019, polo que se estableceu a periodicidade das sesións ordinarias do Pleno, reúnen-se en sesión 2022/3, os señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, procedéndose a abrir o acto, unha vez comprobada pola Secretaria a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre asuntos incluídos na seguinte.

ORDE DO DÍA

Parte resolutiva da sesión

1. Aprobación da acta da sesión anterior número 2/2022 correspondente á sesión celebrada o 7 de abril de 2022.

O Alcalde pregunta aos concelleiros se teñen algo que dicir e non habendo observacións a mesma enténdese APROBADA.

2. Parte da sesión de control dos demais órganos da Corporación.

2.1. Dación de conta do Decreto 123/2022 polo que se acorda a revogación de competencias delegadas do grupo municipal socialista de Carral.

2.2. Dación de conta do Decreto 126/2022 polo que se acorda o cese do tenente alcalde e a nova composición da Xunta de Goberno Local.

2.3. Dación de conta dos decretos de alcaldía dende o 121 ao 188 do ano 2022.

3. Mocións dos grupos políticos

O Alcalde pregunta aos voceiros dos grupos políticos se queren presentar mocións sen que ningún deles presente.

4. Rogos e preguntas



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

O Alcalde pregunta aos concelleiros se teñen rogos e preguntas, toma a palabra don Pablo Couto que formula as seguintes:

En primeiro lugar lamenta estar cun concelleiro menos e sobre todo sen voceiro, aínda que el non presentou a súa renuncia como voceiro, pero preferiría que hoxe estivera sentado no seu sitio dona Patricia.

Despois comeza cun rogo, que ten redactado por escrito, e pregunta si o presenta para que lle sexa contestado por escrito ou si o lee. O Alcalde lle contesta que como vexa. E don Pablo expón o seguinte:

A parcela con referencia catastral, non cita as 20 cifras, que aparece no Rexistro da Propiedade a nome dun terceiro, esta a falar da parcela que esta aquí no campo da Feira, cando debería aparecer como terreos públicos a nome do Concello, xa que se trata dunha parcela de cesión obrigatoria pola construción dun inmovible, e así o transmitiron a técnica xurídica do Concello e o arquitecto. Xa no 2019, cando o grupo socialista aínda formaba parte do goberno, acordamos realizar os trámites necesarios para corrixir dito erro, xa pasaron máis de dous anos dese acordo que foi verbal, agora parece ser que se pretende consolidar esa finca a nome do terceiro, chegoume ese rumor, por iso dende o grupo socialista preguntamos: Cales foron os trámites e ante que organismos para revocar a inscrición realizada e por esa parcela a nome do Concello de Carral?; Cales foron os resultados deses trámites; E cal é a situación actual do expediente?

O Alcalde lle contesta que calquera cambio de titularidade en catastro require dunha escritura, aquí existe unha compra dese terreo, hai un cambio de titularidade en catastro e a única maneira é que se proceda xudicialmente, é unha finca que apareceu comprado por un terceiro, e o terceiro di que é unha equivocación do Notario, e o título de propiedade se o queren ver está no Concello, eu tratei de chegar a un acordo co propietario. O Alcalde di que esta de acordo co exposto por don Pablo, que é unha propiedade que se tiñan que facer as cesións antes de facer o edificio, pero ese señor aparece cun terreo a nome del nun Notario e rexistrado. Don Pablo di que xa coñecía esa explicación, pero que espera que se conteste á súa pregunta por escrito.

A continuación expón os seguinte rogos:

Hai uns meses realizouse un pleno extraordinario a petición do grupo popular e a concelleira non adscrita e acordouse por maioría que despois da renuncia á subvención da IDAE de 1,5 millóns de euros para a humanización da travesía da N-550 e outras zonas ao longo da vila de Carral se tratase de recuperar esta subvención ou no seu caso se tratase de obter outras axudas similares.

Sendo as 20:43 horas incorporase á sesión dona Margarita Ramilo Varela.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Dado que existen axudas á transición xusta polo peche da central térmica de Meirama e nelas entran as liñas de mobilidade rógase ao equipo de goberno que acate este mandato e solicite estas axuda para a realización deste proxecto que foi rexeitado pola Alcaldía o ano pasado, perdendo o pobo de Carral unha oportunidade histórica que agora se debe recuperar. De forma que se poida realizar tanto a nova EDAR do Quenllo, buscando axuda de Augas de Galicia e de deputación, e tamén a imprescindible humanización da vila de Carral, xa que o importe máximo é de 5 millóns de euros, e se pode optar en distintos apartados.

Sendo as 20:45 horas incorpórase á sesión dona Florinda Duarte Gerpe.

O Alcalde dille que se lle contestará por escrito.

Por último o señor Couto expón que no cruce que hai entre Varinca coa estrada de Reboredo a visibilidade cando saes de Varinca é nula, o ideal sería tirar o muro e gañar visibilidade, e senón se pode que se poñan dous resaltos antes do stop, para que a xente free, porque os sustos son constantes.

O Alcalde dálle as gracias ao señor Couto e concédelle a palabra ao señor Mouriño, que expón o seguinte.

Estamos nun Pleno ordinario, fai case dous meses que se celebrou o anterior e atopámonos que o único que hai é que o Grupo Socialista decidiu marchar do equipo de goberno, hai dous decretos do Alcalde e despois rogos e preguntas, estamos en pleno maio, cando saen moitas axudas, e que non teñamos ningún punto do orde do día, ningún tipo de inversión, ningunha cousa importante, podíamos traer o Plan Xeral, podíamos falar dos orzamentos, falou dunha Xunta de Goberno do 12 de maio e non temos a acta, o Alcalde dedícase a ser funcionario, e a estar no seu despacho facendo de axente inmobiliario.

Fágolle outro rogo, fai un momento fíxose alusión á depuradora do Quenllo, e isto xa se falo dúas veces, quedou en que ía falar co director de EMALCSA e que nos íamos a reunir con el e estamos a esperar esa reunión que parece que non chega. Pedímoslle que o aclare, porque vostede poñía en dúbida se había ou non convenio, se había ou non plan director, se EMALCSA era ou non responsable das depuradoras e do abastecemento, por iso non estaría de máis esa reunión que vostede dixo que ía facer.

Pregunto tamén, porque hai uns días aparecía que se ía a contratar unha arquitecto, imaxínome que sairá con todas as bendicións do tribunal, e que non virán con asesores, como ese convenio que teñen do 2019 co Concello de Oleiros, porque que veña outro concello a xestionar aquí as contratacións non nos parece xusto.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

O Alcalde lle concede a palabra a dona Florinda, que en primeiro lugar se escusa por chegar tarde e a continuación fai a seguinte pregunta:

A que se debe o convenio que se fixo co Concello de Oleiros o 1 de decembro de 2020 asunto “Liquidación emitida polo Concello de Oleiros” é dicir o Concello de Oleiros facturoulle ao Concello de Carral entorn a 2000 euros e di na proposta de Alcaldía que “*Logo de ver que con data do 1 de decembro de 2020 se asinou entre o alcalde do Concello de Carral, don Francisco Javier Gestal Pose, e o alcalde do Concello de Oleiros, don Ángel García Seoane, convenio administrativo de colaboración para a prestación de servizos en materia de contratación cuxo obxecto era a prestación de servizos por parte das funcionarias dona Silvia Legaspi Grueiro e Dona Pilar Cela Álvarez pola realización de funcións relativas ao apoio xurídico e administrativo en expedientes de contratación pública na modalidade de teletraballo*”. Se vostede pódemo explicar, porque durante 3 anos lévanos dicindo que non dependemos para nada do Concello de Oleiros e vexo un decreto de Alcaldía que me deixa perplexa. Que tendo os funcionarios que temos, que nunca se pediu colaboración deste estilo, e que faga un convenio e non de conta ao Pleno, non o entendo. Se o noso persoal está a cobrar un soldo, porque temos que ter o apoio de funcionarios de Oleiros, non o entendo. Este servizo foi contratado para a contratación da Axuda no fogar, este expediente practicamente quedaba feito, a concelleira de administracións públicas dixo aquí que fora un traballo moi longo, e que quedara moi mal, débémolo deixar tan mal que lle tivemos que pagar ao Concello de Oleiros para que fixera o traballo, gustaríame que o explique.

Toma a palabra dona Susana, para contestar que non é de estrañar, nin é a primeira vez que hai unha colaboración entre Concellos. E neste caso, como xa saben, estivemos moitísimo tempo sen secretario e o secretario era o que manexaba a plataforma de contratación do estado, subscribimos este convenio, os informes foron emitidos todos por persoal municipal e utilizáronse os servizos para subir a documentación á plataforma. Vimos varios expedientes, o do SAF que dista moito o que vostede di que quedaba practicamente feito, pois todo Carral coñece o estado no que se atopaba o SAF e a súa contratación, pero sen entrar nese debate só dicir, que se contratou para manexar a plataforma de contratación do estado que ao irse o secretario quedamos cojos porque ninguén a sabía manexar. A contratación do SAF quedou feita, empezamos a traballar na contratación de limpeza viaria e xardinería, e agora mesmo xa contamos con secretaria e volcamos todo o traballo nela. E tamén empezamos a traballar no contrato de xestión do centro deportivo, non estamos quietos e non veñan a dicir que o Concello de Oleiros vén manexar aquí, o Concello de Oleiros prestou a colaboración dunha persoa para asesorarnos.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

O señor Mouriño toma a palabra para dicir que hai un organismo que é a Deputación, e nunca o Concello de Carral pediu axuda a outro Concello, salvo convenios para solicitar temas de outras administracións, como obradoiros de emprego e preocúpame cunha secretaria accidental non saiba traballar coa plataforma de contratos, en conclusión o Concello de Oleiros ten que controlar todo o que pasa aquí.

Estes días sorprendeume que o concello de Cambre fai un chamamento para planificar a mobilidade de toda a comarca e o concello de Oleiros e o de Carral non asisten a esa reunión, seguro que o ordenou o comandante Gelo e vostede debe defender os intereses dos veciños de Carral, así que deixe de ceder tanto ante esa persoa que non é boa para Carral.

O Alcalde contesta que respecto disto último, el tiña asistencia a outro acto e falou persoalmente e mándolle un whatsapp a Óscar, e Óscar a medio día chamoume para dicirme o que se acordou nesa comisión, de todos os xeitos fale hoxe pola mañá con Óscar e se tes algunha dúbida que o chames e lle preguntes persoalmente a el.

Toma a palabra o señor Bello, que comeza dicindo que é curioso que veñan a recriminar gastar 2000 euros para asesorarnos nunha contratación tan importante como é o SAF, mellor non recordar como o deixaron.

E formula unha pregunta ao señor Mouriño, en relación co convenio urbanístico asinado por el sobre os terreos do instituto, o 19 de setembro de 2007 asinaron o mesmo, o 23 de agosto de 2010 houbo unha modificación do convenio, o 17 de marzo de 2011 hai a escritura ante notario de cesión urbanística, o 5 de novembro de 2014 a acta de replanteo, o 5 de abril de 2017 entra no Concello por rexistro o primeiro escrito, comunicando o incumprimento do prazo de 6 anos para a transferencia de aproveitamento urbanístico á que se tiña obrigación, o 9 de outubro de 2018 entra o segundo escrito comunicando que van proceder á valoración de 8309,84 m² tras o incumprimento, no 2019, en xuño, entramos nós, que non sabiamos nada disto e resulta que o 11 de marzo de 2020 entra por rexistro un escrito, que é cando nos enteramos, no que comunican a valoración que é de 2.250.642,80 euros e dan prazo dun mes, que de non recibir resposta iniciárase procedemento xudicial. A partir de aí empezamos a traballar con este tema. Nos gustaría que explique porque o Concello de Carral sae demandando por case dous millóns e medio de euros, tras dous escritos de reclamación que entraron por rexistro? Por que non se actuó antes e se deixa chegar a esta situación?.

Don Jose Luis pregunta como está a situación agora e don Ruben lle di si contesta cunha pregunta porque non sabe que responder e o señor Mouriño contesta que eles conseguiron 13.000 m² dunha familia



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

que os cedeu a cambio dun convenio urbanístico, cunha edificabilidade axustada á lei, para chegar a ter un instituto de secundaria no Concello, a Xunta fai o instituto, pero o Concello tiña que poñer a disposición o terreo e conseguimos que ese instituto funcionase. Fixemos un convenio urbanístico, que segundo informaron os servizos xurídicos, entra en vigor unha vez que se toma posesión dos terreos e iso foi a principios de 2015, finais de 2014 e falando de memoria, pódolle dicir que desde o 2014 hai 6 anos para concretar o convenio, e por iso a présa do Partido Popular de Carral de sacar o Plan Xeral, porque había que cumprir cos convenios e o que non sei é porque vostedes non resolveron as alegacións, expuxeron ao público de novo o Plan Xeral e estaríamos agora cun Plan Xeral aprobado.

O Alcalde contesta que ten unha aprobación do Pleno do 18 de marzo de 2016 na que os terreos que ceden eles non se recalifican como un solo apto para urbanizar, segue sendo un solo rústico, non sei que terreos tiña pensando cedelles, pois aínda que tivesen aprobado o PXOM non tiña terreos para permutar con esta xente.

O señor Mouriño di que eses metros tiñan que estar alí e don Francisco, volve repetir a pregunta, por que non se lles fixo caso aos escritos presentados o 5 de abril de 2017 e o 9 de outubro de 2018 e agora reclámannos xudicialmente case 2 millóns e medio de euros, a metade do orzamento do Concello e se nos sae a pagar iso, que facemos?

O señor Mouriño sinala que en 2017 reuníronse con esas persoas, que só querían saber onde quedaba o seu terreo e confiaban en que se aprobase o Plan Xeral e que terían os metros cadrados que lles corresponderían, por suposto que eu non sei onde ían ir eses metros, pero para iso están as alegacións, e os servizos técnicos e xurídicos. O Alcalde contesta que no PXOM non están aprobados os terreos que foron para o Concello, non ten de onde sacar no Concello de Carral 8000 e pico metros cadrados para urbanizar a esta xente, e por tanto méterono no xulgado.

Don Jose Luis contéstalle que el é o Alcalde e que é a súa responsabilidade e que si el fora o Alcalde non permitiría que un concelleiro seu fora ao Pleno a pedir explicacións á oposición.

Don Francisco contesta que el é o voceiro e lle di que se contradice porque dixo que os particulares confiaban, pero lle meteron dous escritos, un deles xa no 2017.

O señor Mouriño reitera que sí confiaban porque el tivo reunións con eles e lles dixo que no ano 2019, como moito no 2020 estaría o Plan Xeral definitivo aprobado, e estaría o seu terreo onde tocara e non eran moi esixentes.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

O Alcalde cédelle a palabra a dona Florinda, que sinala que o Alcalde acaba de dicir que o equipo de goberno anterior non deixaba falar aos concelleiros, pero que ela leva 3 anos sentíndose mal porque non lle deixan falar nun pleno, e volve ao punto do que estaba falando, porque lle retiraron a palabra porque non lle interesa falar do Convenio co Concello de Oleiros, e pasa a ler o seguinte “*Logo de ver que a funcionaria dona Pilar Cela Álvarez realizou para o Concello de Carral, na modalidade de teletraballo, ao longo do ano 2021 a elaboración dos seguintes documentos relativos ao expediente de contratación do Servizo de Axuda no Fogar municipal: Adaptación de prego de prescricións técnicas, elaboración de estudo de costes de servizo, elaboración de memoria xustificativa, prego de cláusulas administrativas, informe xurídico, providencia de inicio, decreto de aprobación do expediente, elaboración de anuncios de licitación, Plataforma e DOUE, contestación de preguntas para Plataforma, colaboración na realización de informes de avaliación de ofertas, decreto de adxudicación, documento de formalización de contrato, elaboración de informe para recurso especial en materia de contratación, supervisión de documentos requirimento documentación, decreto adxudicación e contrato a formalizar. Para as mencionadas tarefas empregou un total de corenta horas.*

Tamén prestou asesoramento de xeito verbal nun total de dezaseis horas na modalidade de teletraballo na tramitación de expedientes menores de contratación de obras (tramitación de expedientes na Plataforma do Estado, nas reunións de traballo cos diferentes técnicos implicados na redacción dos documentos deste Concello, na participación na mesa de contratación e na revisión de documentación de tres expedientes de obras).

Logo de ver que a cláusula sexta do convenio de colaboración asinado entre o Concello de Carral e o de Oleiros” e pregunta por que o Alcalde non da conta ao Pleno deste convenio e que lle parece ao persoal do Concello de Carral que o persoal do Concello de Oleiros faga o seu traballo?. É posible que non contesten nada, porque a vostedes lles interesa máis buscar cousas de antes e imos terminar a lexislatura sen aprobar o Plan Xeral eu recordo as reunións revisando todo o PXOM e nel estaba recollido o convenio ca finca do instituto, e é un pouco patético que o voceiro de Alternativa veña a un Pleno a facer preguntas, nos en 16 anos non lle preguntamos nunca a oposición. Vostedes chegan ao Pleno anterior sen saber que hai convenio con EMALCSA e non temos reunión con EMALCSA, agora veñen vostedes co convenio do instituto. O señor Mouriño preguntoulles se lles ía pasar o mesmo co señor de Madrid, igual a xente non sabe quen é o señor de Madrid e a vostedes deulles a risa, o señor de Madrid é o dono da parcela que hai ao lado do campo da feira que vostedes rechearon completamente.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

O Alcalde di que non, que hai dous de Madrid e que el non sabe a cal se refire Jose Luis e que lle diga cal é.

Don Florinda pregunta se realizaron un convenio novo cos dous señores de Madrid cando rechearon, e se hai un convenio novo en que consiste, e senón o hai porque rechearon?

O Alcalde lle di que aí non hai dous señores, hai un señor solo de Madrid e neste concello hai dous convenios con señores de Madrid con parcelas distintas, unha esta aquí e outra esta na unidade de actuación. A señora Duarte di que ela fala do señor de Madrid ca parcela ao lado do campo da feira que rechearon antes da festa do pan, e pregunta se hai un convenio novo e se teñen pensado tralo ao Pleno.

Despois comenta que a vivenda que esta ao pasar a gasoleira, á altura do paso de peóns, indo para o colexio, ten o tellado totalmente en ruínas, a parte ten unhas hedras enormes que enganchan o tellado, os veciños transmitíronme que era un perigo, porque caen cascotes na beirarrúa e traslado este rogo. Dá as grazas porque fixeron un pleno sen asuntos da orde do día, só para dar conta e está claro que se rin de toda a corporación, di que despois de todo isto non ten nada mais que dicir e vaise.

Sendo as 21:28 horas dona Florinda abandona a sesión.

O Alcalde concédelle a palabra á técnica xurídica, que di que quere agradecer á funcionaria Pilar Cela do Concello de Oleiros a colaboración que tivo con ela, ao marxe de temas políticos, que puidemos sacar adiante a contratación do SAF, en gran medida polo apoio desta persoa. Con todo, quero dicir que todos os informes foron asinados polo departamento do que son titular, que é o de servizos xurídicos municipais, quero dicilo porque me parece de xustiza, foi unha persoa que colaborou moitísimo comigo, que me axudou dunha maneira totalmente obxectiva e non quería que o seu nome quedaría no pleno enmarañado con temas políticos.

Ás 21:30 horas, o Sr. Alcalde remata a sesión, da que estendo a presente acta 3/2022 que asina o Señor Alcalde, do que, como Secretaria do Concello, dou fe.

O ALCALDE

A SECRETARIA DO CONCELLO

Francisco Javier Gestal Pose

Eva Jardón López